

REGULAMENTO REGULADOR DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN

INDICE

Artigo 1º: Constitución

Artigo 2º: Acceso

Artigo 3º: Defensa dos intereses veciñais

Artigo 4º: Obtención da inscrición

Artigo 5º: Requisitos

Artigo 6º: Radicación do rexistro

Artigo 7º: Beneficios económicos

Artigo 8º: Outros beneficios

Artigo 9º: Participación nos Plenos

Artigo 10º: Dereitos xerais

DISPOSICIÓN FINAL

Exposición de motivos

O Municipio de Val do Dubra é consciente de que o sector asociativo é un elemento esencial integrador da organización da vida municipal.

A nosa Constitución considera no seu artigo 9.2 que corresponde ós poderes públicos promover as condicións con tal de que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; retirar los obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude e facilitar a participación de todos os veciños/as na vida política, económica, cultural e social.

E a exposición de motivos da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, reconece que o dereito fundamental de asociación constitúe un fenómeno sociolóxico e político, como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación, respecto ó que os poderes públicos non poden atoparse á marxe. E engade, que resulta patente que as asociacións exercen un papel fundamental nos diversos eidos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada.

E o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, afirma que as corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños.

Con eses principios propúxose á Corporación Municipal a aprobación deste Regulamento regulador do rexistro municipal de asociacións, que permitise coñecer o número de entidades sen ánimo de lucro que existen en Val do Dubra, as súas fins e representividade, para os efectos de impulsar políticas municipais coherentes coas pretensións e necesidades dos veciños/as, constituíndo un instrumento para consolidar un tecido social máis moderno.

Artigo 1º: Constitución

O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Val do Dubra ten carácter administrativo e configúrase de acordo coa previsión establecida no artigo 236 do ROF das entidades locais.

Artigo 2º: Acceso

Poderán inscribirse no dito rexistro as asociacións veciñais que cumpran cos requisitos que se establecen na presente ordenanza.

Artigo 3º: Defensa dos intereses veciñais

Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños de Val do Dubra só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritos no Rexistro municipal de asociacións veciñais.

Artigo 4º: Obtención da inscrición

Poderán obter a inscrición no rexistro todas aquelas asociacións cuxo obxectivo sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as do municipio e que non teñan ánimo de lucro.

Artigo 5º: Requisitos

1. As inscricións no rexistro realizaranse a solicitude das asociacións, que deberán de achegar os seguintes documentos:

- A) Estatutos da asociación
- B) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións do Ministerio do Interior ou no Rexistro Autonómico de Asociacións.
- C) Relación das persoas que ocupan cargos directivos e acta ou certificado da sesión en que resultaron elixidos.
- D) Domicilio social no municipio.
- E) Presuposto anual.
- F) Programa de actividades do ano en curso.
- G) Certificado do número de socios que se renovará anualmente.
- H) CIF

2.

A) Se a documentación presentada fose incompleta ou non reunise as condicións sinaladas no apartado anterior, outorgarase un prazo de trinta días para proceder á súa emenda.

Transcorrido o dito prazo sen presentala, a petición terase por desistida e arquivarase sen máis trámites, mediante resolución da Alcaldía.

B) Se a documentación achegada fora válida, a Alcaldía, mediante resolución disporá a inscrición co número que lle corresponda no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

3. Os cambios ou modificacións que se produzan no contido dos documentos do apartado anterior notificaranse ó rexistro no prazo dun mes dende que se produzan. Os presupostos e o programa de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano.

4. O incumprimento das ditas obrigas dará lugar á baixa da asociación no rexistro.

Artigo 6º: Radicación do rexistro

O Rexistro de Asociacións Veciñais levarase na Secretaría Xeral.

Artigo 7º: Beneficios económicos

As asociacións veciñais poderán percibir subvencións dentro das posibilidades presupostarias nos prazos, procedementos e cantidades que se determinen na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións. As ditas subvencións poderán ser tanto para gastos ordinarios de funcionamento como para o desenvolvemento ou promoción de actividades concretas.

Artigo 8º: Outros beneficios

1. As asociacións veciñais inscritas terán dereito, previa solicitude, a obter do Concello o uso temporal gratuíto de terreos e locais municipais, sen afectación específica, para a realización das súas actuacións, nos termos contidos no acordo resolutorio.

A resolución será motivada e poderá ser recorrida en reposición ante o Concello.

2. A utilización doutros bens distintos ós anteriores axustarase ás ordenanzas reguladoras do seu uso.

Artigo 9º: Participación nos Plenos

1. A participación no Pleno das asociacións veciñais inscritas no rexistro, en relación a algún punto da orde do día en cuxa previa tramitación administrativa interviñese como interesada, solicitarase por escrito ó señor alcalde con corenta e oito horas de antelación ó comezo da sesión.

2. Obtida a autorización do alcalde, a asociación, a través dun único representante, poderá expor o seu parecer durante o tempo que se lle sinale con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

3. O membro da asociación que interveña no Pleno será o que legalmente a represente segundo os seus estatutos, ou ben outro membro da súa directiva nomeado expresamente para estes efectos, acreditando a representación e achegándoa xunto co escrito de solicitude previsto no apartado 1 deste artigo.

4. O procedemento sinalado nos apartados anteriores, éo sen menoscabo dos que se formulen no Regulamento de participación dos veciños na vida local.

Artigo 10º: Dereitos xerais

As asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal gozarán de todos os dereitos que as leis lles concedan aínda que non consten expresamente neste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento, que consta de dez artigos e unha disposición final, entrará en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

B) Sometelo a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolvendo todos os que se presenten dentro do prazo

C) Para o caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivo o acordo ata entón provisional.